

O PSdeG de Vilalba asegura que o alcalde cometeu “graves irregularidades” no proceso de contratación de 4 peóns forestais

Luis Fernández cuestiona a actitude do rexedor ó elaborar unhas bases que “non teñen en conta a cualificación e a especificidade dos postos de traballo ofertados, favorecendo claramente o enchufismo de persoas amigas e afíns a Criado”

Como exemplo da “política caciquil e rastreira que caracteriza ó goberno municipal” pon que, das catro persoas seleccionadas, “tres non acreditan ter experiencia profesional na materia e, sorprendentemente, todos realizaron os mesmos cursos e nas mesmas datas”

Afirma que “a sorpresa acontece” cando se comproba que un dos membros do tribunal é o propio xefe de Protección Civil, é dicir, a mesma persoa que emite os certificados que esixen as bases; e que algún dos contratados forma parte da listaxe de interventores nomeados polo PP para os comicios electorais

O PSdeG de Vilalba denuncia que o goberno municipal, co alcalde á fronte, cometeu “graves irregularidades” no proceso de selección para a contratación de catro peóns forestais. Neste senso, o concelleiro socialista Luis Fernández Álvarez asegura que o rexedor segue a exercer a súa posición de dominio elaborando unhas bases que “non teñen en conta nin a cualificación nin a experiencia profesional á hora de ofertar os postos de traballo, senón que as formula mediante decreto para favorecer descaradamente a contratación de persoas amigas e afíns”.

Proba delo, é que, a pesares de que un dos principios básicos, esixidos por Lei, para a selección de postos de traballo é o de facer unhas bases que sexan acordes á ocupación que o futuro empregado vai desempeñar, o Alcalde, “que abusa constantemente das súas competencias”, aprobou mediante decreto o 24 de xullo de 2013 uns fundamentos que non puntúan os servizos prestados e tampouco inclúen outro dos requisitos estipulados para procesos selectivos deste tipo, e que é necesario cumprir para o desempeño dun posto como o que ofertou a entidade local vilalbesa. Luis Fernández, refírese así, ás probas físicas.

Deste xeito, tal e como explica, malia que o documento ratificado polo goberno municipal contempla a valoración de catro méritos - experiencia laboral (máximo 3,8 puntos), cursos relacionados co traballo a desempeñar (máximo 2 puntos), permisos de conducir (máximo 2 puntos) e dedicación á protección civil no ano 2012 e 2013 (máximo 2,2 puntos)- das catro persoas seleccionadas, tres non acreditan ter experiencia profesional na materia e, ademais, sorprendentemente, todos realizaron os mesmos cursos e nas mesmas datas.

Por elo, considera que “o Partido Popular e o Alcalde estanse a rir de todos nós, pero, sobre todo, de todos os vilalbeses que desgraciadamente están no paro. Así consegue os votos o PP, favorecendo o amiguismo e a política caciquil e clientelar”. “Que casualidade”, engadiu, “que dúas destas accións formativas -Curso Básico de Protección Civil e Accidentes en Estrada- veñan puntuadas nas bases con 0,25 cada unha delas. Esta é a política do PP, a política do trifásico... A cualificación, a experiencia e a formación non contan pero, se eres amigo deles, aí tes o posto”.

O xefe de Protección Civil no tribunal

O concelleiro socialista, asegura que “a sorpresa acontece cando resulta que un dos membros do tribunal é o propio xefe de Protección Civil, é dicir, a mesma persoa que emite os certificados correspondentes á realización deste tipo de traballos, e que esixen as bases. “Esta persoa ao noso entender, non debería formar parte do órgano seleccionador, sobre todo, porque non ten ningún tipo de relación laboral co Concello. Situación recoñecida pola propia Secretaria Municipal”. Deste xeito, e



con respecto a este requisito que os aspirantes deben aportar, denuncia que o goberno municipal incluíse nas bases que este debe acreditarse mediante certificado emitido polo responsable deste organismo de cada agrupación, Concello ou entidade correspondente, o que demostra "o claro trato de favor na elección dos candidatos", e un claro "lavado de mans do propio Alcalde".

Interventores do PP contratados

A estas irregularidades manifestas, engádese que algún dos contratados tamén forma parte da listaxe de interventores nomeados polo Partido Popular para os comicios electorais. Proba evidente delo, é que algún dos seleccionados, explicou Luis Fernández, desempeñou esta labor nas eleccións municipais de 2011 na mesa de Carballido. "O Alcalde non mira para contratar ós máis cualificados, senón ós máis enchufados que, salvo por estas bases, sería imposible que entraran a traballar neste posto. Esta é a política máis rastreira e caciquil que existe, esta é a relación *sine qua non* do PP: yo te doy, si tú me das", concluíu.

17 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo